

PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS  
TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E  
COMUNICACIÓN

CPI FONTE-DÍAZ

CURSO 2012/2013



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

## INDICE:

### **1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**

### **2.- ESTUDIO INICIAL**

#### **2.1.- ANALISE DA SITUACIÓN INICIAL**

#### **2.2.- EQUIPO TIC**

#### **2.3.- RECURSOS TECNOLÓXICOS DISPOÑIBLES**

### **3. POSTA EN PRÁCTICA DO PLAN:**

#### **OBXECTIVOS, COMPETENCIAS, ACTIVIDADES E METODOLOXÍA**

#### **3.1 MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NEE**

#### **3.2. FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS**

### **4.-ESTRATEGIAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO**

### **5.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES**

### **6. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

### **7. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL**

### **8.- DETECCIÓN DAS NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

## 1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e a súa presenza na vida dos estudantes fai que deban estar presentes nos centros educativos. **O tratamento da información e competencia dixital (TICD)** é unha das 8 competencias básicas recollidas na LOE. Defínese nos Reales Decretos de ensinanza mínima de Educación Primaria e Secundaria: 1513/2006 e 1631/2006. A Comisión das Comunidades Europeas, COM(2005) fai unha recomendación dos coñecementos, capacidades e aptitudes esenciais para o TICD, tamén establece a “aprendizaxe permanente” como filosofía principal do TICD. O modo en que funcionan e para que son utilizadas as novas tecnoloxías na aula aportan valiosas innovacións en canto á forma de representar, expresar, coñecer, cuestionar ... o coñecemento e as formas de aprendizaxes de profesores e alumnos. Con todo isto as TIC pasan a ser un instrumento indispensable nos Centros Educativos, todo un mundo se abre ante nós grazas a Internet, podemos acceder a enciclopedias, foros, webs, blogs...recibimos información, pero tamén é importante ensinar ao alumnado a filtrar e contrastar a información, detectar os posibles problemas e abusos da rede, polo que debemos preparamos para un uso responsable, seguro e eficaz.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE – DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 – Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es](mailto:cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

## 2.- ESTUDIO INICIAL

### 2.1.- ANALISE DA SITUACIÓN INICIAL

O CPI “Fonte-Díaz” de Touro ven utilizando as TIC dende o ano 1995, tendo conexión a internet e aula de informática dende 1999. Isto é debido a participación en proxectos europeos e a actitude emprendedora do profesorado. Obtivemos o primeiro premio no ano 2002 á innovación educativa e no 2004 pola elaboración de materias curriculares en contorno web.

Participamos no proxecto europeo “Os camiños de Santiago camiños de futuro”, conxuntamente con colexios de Francia e Italia, sendo seleccionados para representar a España na exposición de proxectores no marco da Semana Comenius que se celebrou en Bruxelas en novembro de 2001.

Participamos nos seguintes Proxectos de Formación e Asesoramento en Centros (PFAC):

- Elaboración da Pax.web do Centro. (curso 2006/07)
- Elaboración de materiais curriculares on line. (curso 2006/07)
- Elaboración de materiais curriculares para Educación infantil, Primaria e Secundaria. (curso 2008/09)

Desde o curso 2010/2011 participamos no proxecto Abalar <http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/> , constituíndo un Obradoiro Abalar (no centro) chamado Fase IV: Integración TIC nas aulas. Neste curso escolar 2011/2012 realizamos unha sesión dedicada á introducción á aula abalar.

Utilizamos a web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/> e a galería de imaxes para manter informada a toda a comunidade educativa desde a que se levan a cabo actividades e accións encamiñadas a difundir o uso das T.I.C. entre a comunidade escolar. Tamén se está a usar a



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
 Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
 Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

aula virtual, sobre todo como elemento de apoio e como repositorio de contidos. Do mesmo xeito o uso do correo electrónico é xa habitual entre o profesorado, se ben aínda queda por desenvolver o seu uso como vía de comunicación por parte dos pais/nais e o Centro.

O profesorado e sobre todo o alumnado da ESO utiliza o servidor (santaia) montado nun grupo de traballo (PFAC) como repositorio de contidos e como ferramenta de uso nas sesións docentes.

## 2.2.- EQUIPO TIC

O equipo TIC está formado polo coordinador Abalar Daniel Garcia Vázquez e os seguintes profesores: Daniel Pereiro (Tecnoloxía), Margarita Sanín (Informática), Carmen Fernández (Física e Química), M<sup>a</sup>Jesús Gay (Titora Primaria), Laura Fernández (Infantil) e Paz Mera (AL).

## 2.3.- RECURSOS TECNOLÓXICOS DISPOÑIBLES

Aula informática de Primaria	Proxector e 13 equipos de sobremesa, impresora.		
Aula informática de Secundaria	Proxector e 11 equipos de sobremesa, impresora.		
Aula PDI Secundaria	Proxector,PDI portatil profesorado e 8 equipos (antigos)		
Aulas de Primaria	Todas contan con equipo de sobremesa e proxector		
Aulas Abalar	5º e 6º de Primaria. 1º e 2º da ESO. <a href="http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/proxecto-abalar/equipamento-e-infraestructuras">http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/proxecto-abalar/equipamento-e-infraestructuras</a>		
Aula de plástica Primaria	Equipo, canon e PDI		
Aula de diversificación 4º	Proxector, PDI, portatil profesorado e 9 netbooks		
Aulas de infantil	Equipos moi antigos e un portatil con PDI		
Laboratorio	Equipo sobremesa (obsoleto) e proxector		
Aula de Audiovisuais	Equipo de sonido, proxector.		
Biblioteca	4 equipos de sobremesa antigos		
Sala de profesores	2 equipos de sobremesa, impresora		
Departamentos da ESO	Contan con equipos de sobremesa		
Aula de 4º B ESO	Proxector, portatil e pizarra branca.		
Aulas de PT e AL	Equipos de sobremesa e impresora. AL conta con proxector		
E. directivo e administración	3 equipos de sobremesa e 2 impresoras		
Fotocopiadora en rede	Servidor santaia	Servidor abalar	Todo o centro está cableado para a conexión física a internet. Wifi



### 3. POSTA EN PRÁCTICA DO PLAN:

#### OBXECTIVOS, COMPETENCIAS, ACTIVIDADES E METODOLOXÍA

OBXECTIVOS ALUMNADO	
A CURTO PLAZO	A LONGO PLAZO
<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Adquirir hábitos de seguridade e autocontrol no uso de internet.</li><li>✓ Adquirir ferramentas que permitan o aproveitamento das T.I.C. na súa autoformación.</li><li>✓ Comprender a idea de “comunidade” e colaboración como principio fundamental no que se sustenta internet.</li><li>✓ Adquirir unha visión crítica e reflexiva do contido obtido da rede.</li><li>✓ Adquirir habilidades que permitan empregar as T.I.C. de xeito eficiente, adecuando cada unha das tecnoloxías ó resultado que se queira obter.</li><li>✓ Ser capaces de buscar información (gráfica, texto ou multimedia) en internet adquirindo estratexias de busca eficaces.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Integrar efectivamente as TIC no proceso de ensino e aprendizaxe</li><li>✓ Potenciar a capacidade de razoamento e Motivación por aprender aproveitando ás T.I.C. como recursos altamente motivadores.</li><li>✓ Adquirir estratexias que lles permitan obter exestiónar a información obtida a través das T.I.C.</li><li>✓ Empregar as T.I.C. como medio de creación, integración e cooperación cos demais, así como de vía para a transmisión en liberdade das propias ideas.</li><li>✓ Potenciar as comunicacións entre iguais para intercambiar información, coñecementos, adquirindo hábitos de respecto e cortesía nas comunicacións telemáticas.</li><li>✓ Coñecer o potencial das T.I.C. na autoaprendizaxe e formación continua ó logo da vida.</li><li>✓ Fomentar a páxina web Drupal do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.</li></ul>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO

Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)

Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>**OBXECTIVOS PROFESORADO**

A CURTO PLAZO	A LONGO PLAZO
<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Adquirir nocións básicas no uso das T.I.C. de xeito que permitan empregalas, de xeito progresivo, nas aulas como un recurso máis.</li><li>✓ Aceptar o valor motivador destas tecnoloxías para o alumnado, sobre todo nos alumnos/as con n.e.e.</li><li>✓ Cambiar de forma gradual a concepción metodolóxica convencional, de xeito que se permita a inclusión das T.I.C. de xeito eficaz e real.</li><li>✓ Participar activamente nas propostas do coordinador TIC e aportar novas ideas e melloras.</li><li>✓ Coñecer e levar á práctica as potencialidades das T.I.C.</li><li>✓ Utilizar o software libre e as vantaxes da escola 2.0</li><li>✓ Fomentar a páxina web Drupal do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.</li><li>✓ Utilizar os recursos das aulas abalar</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Empregar as T.I.C. recoñecendo as súas potencialidades como un recurso máis na práctica docente diaria.</li><li>✓ Adecuar o uso das diferente T.I.C. á idade e contidos de xeito que se permita acadar os obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.</li><li>✓ Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente.</li><li>✓ Empregar as T.I.C. para os traballos cotiás así como na propia aula, abrindo o espectro de recursos existentes ao alcance do alumnado.</li><li>✓ Consultar e obter información a través das T.I.C. que permitan a autoformación e perfeccionamento docente.</li><li>✓ Establecer un Plan de formación do profesorado no uso educativo das TIC centrado nas súas necesidades e intereses.</li><li>✓ Utilizar a páxina web do centro como canle de participación para difundir experiencias e prácticas.</li></ul>



## INDICADORES DE COMPETENCIAS TIC

### **COMPETENCIA: Coñecer os elementos básicos do ordenador e as súas funcións.**

- Distinguir entre elementos de hardware e de software. Localizar e identificar os elementos físicos básicos do ordenador: pantalla, teclado, rato, unidades de disco.
- Coñecer as funcións dos elementos básicos do ordenador.

### **COMPETENCIA: Coñecer e realizar o proceso correcto de inicio e apagado dun ordenador.**

- Coñecer e localizar os interruptores dun ordenador e dunha impresora: inicio, apagado, reinicio (reset).
- Poñer en práctica a secuencia de inicio, reinicio e apagado dun ordenador, considerando o funcionamento dos seus periféricos e, no seu caso, o acceso á rede.
- Aplicar procedementos alternativos de desbloqueo, reinicio e apagado do ordenador.

### **COMPETENCIA: Coñecer a terminoloxía básica do sistema operativo (arquivo, carpeta, programa...).**

- Coñecer os elementos básicos representativos do escritorio: iconas, barra de tarefas.
- Distinguir entre programas, documentos e carpetas, e recoñecer as súas iconas.
- Coñecer os elementos básicos das ventás.
- Diferenciar entre o software do sistema operativo e as demais aplicacións informáticas.
- Utilizar adecuadamente a terminoloxía relacionada co sistema operativo.

### **COMPETENCIA: Gardar e recuperar a información no ordenador e noutros soportes.**

- Coñecer as características das unidades de almacenamento (discos duros internos e portátiles, pen-drives, CD-ROM e DVD grabables...) Utilización e uso dos servidores do centro
- Copiar, mover, crear e borrar arquivos nas unidades de almacenamento.





**COMPETENCIA: Organizar adecuadamente a información mediante arquivos e carpetas.**

- Aplicar criterios para clasificar a información dunha unidade de almacenamento.
- Identificar a estrutura básica de directorios e subdirectorios dun ordenador.

**COMPETENCIA: Coñecer distintos programas de utilidades (compresión de arquivos, visualizadores de documentos...).**

- Identificar os programas de utilidades existentes no ordenador e a forma de acceder a eles (calculadora, bloc de notas, webcam, ...).
- Utilizar os visualizadores de documentos máis habituais.
- Utilizar algún programa de compresión e descompresión de arquivos.

**COMPETENCIA: Saber utilizar recursos compartidos nunha rede (impresora, servidor...).**

- Nunha rede local, distinguir os recursos propios e os recursos compartidos (impresora, servidor, programas...).
- Utilizar unha impresora compartida nunha rede de área local
- Acceder a unha carpeta ou arquivo compartido nunha rede de área local..

**COMPETENCIA: Dispoñer de criterios para avaliar a fiabilidade da información que se atopa.**

- Saber localizar nunha web elementos que permitan valorar a súa fiabilidade: autores, patrocinadores, data de actualización da páxina...
- Aplicar diversos criterios para valorar a fiabilidade da información que se atopa en Internet.
- Contrastar a información obtida en Internet mediante diversas fontes para avaliar a súa validez e actualidade.

**COMPETENCIA: Utilizar os buscadores para localizar información específica en Internet.**

- Coñecer e utilizar os buscadores (de páxinas web, imaxes...) máis usuais.
- Realizar procuras a través dos índices de categorías de algúns buscadores.



- Realizar procuras a través de palabras mediante os motores de busca.

**COMPETENCIA: Usar os navegadores de Internet (navegar, almacenar, recuperar, clasificar e imprimir información).**

- Acceder a sitios web tecleando a dirección URL na barra de direccións ou seleccionándoa nunha lista de enlaces favoritos.
- Utilizar as funcións básicas do navegador: avance/retroceso, historial , deter, actualizar, recoñecer ligazóns, imprimir información...
- Organizar unha lista de enlaces (marcadores ou favoritos) mediante carpetas.

**COMPETENCIA: Ter claro o obxectivo de busca e navegar en itinerarios relevantes para o traballo a realizar ( navegar con rumbo).**

- Precisar as fontes que se utilizarán para iniciar unha busca (buscadores, prensa dixital, portais...).
- Establecer claramente o obxectivo da busca e mantelo para evitar a dispersión.
- Identificar os sitios visitados con anterioridade e non repetir o acceso.

**COMPETENCIA: Enviar e recibir mensaxes de correo electrónico, organizar o caderno de enderezos e saber xuntar arquivos.**

- Coñecer o formato das direccións de correo e os campos que inclúe unha mensaxe.
- Enviar e recibir mensaxes de correo electrónico (incluso con arquivos xuntos).
- Xestionar as mensaxes nas bandexas de correo electrónico.
- Utilizar o caderno de enderezos para agregar contactos e seleccionar destinatarios.

**COMPETENCIA: Usar responsablemente as TIC como medio de comunicación interpersonal en grupos (chats, redes sociais, foros...).**

- Coñecer o procedemento para acceder aos foros telemáticos.
- Respetar as opinións dos participantes nun foro, valorando positivamente a diversidade.
- Usar de forma responsable as ferramentas telemáticas de intercambio e comunicación grupal



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

## ACTIVIDADES

Propoñemos varios métodos de traballo que se levarán a cabo segundo a tarefa ou actividade que se pretenda realizar, tomando forma concreta nas programacións correspondentes de cada materia ou asignatura.

**Comunicación interpersonal:** Servidor Abalar, redes sociais educativas para alumnado (edmodo) e para profesorado <http://www.edu.xunta.es/redeiras> aula virtual, cursos dixitais para o alumnado xa sexan creados en moodle polo profesorado ou utilizando as editoriais, proxectos e-Twinning de intercambios virtuais ([www.etwinning.net](http://www.etwinning.net)), correspondencia telemática, videoconferencias online...

**Recompilación e análise da información:** Creación colectiva de coñecemento e publicación (por exemplo, na Wikipedia), servidor abalar do centro, espazo abalar <http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es> análise de datos estatísticos, publicación en blogs, visitas virtuais (a museos, espazos xeográficos determinados...)

**Proxectos de resolución colaborativa de problemas:** Investigación colaborativa (WebQuest e buscas do tesouro), creación colectiva (wikis...), concursos web (gimkanas virtuais), simulacións (xogos en liña...)

**Proxectos de Clase:** Ao redor dun tema ou aspecto de interese, proposto e acordado polo alumnado, elabórase un índice, despois de analizar e contrastar o que o alumnado sabe sobre o tema e o que lle gustaría saber. O índice, guiará o proceso no que se decidirá conxuntamente que fontes de información usar para coñecer o que se quería saber, como organizarse para buscar a información e como organizar e tratar a información seleccionada.

**Cazas do tesouro e WebQuests:** proxectos que no seu desenvolvemento empregan recursos de Internet preseleccionados polo profesor/a, de maneira que o alumno, para realizar a tarefa, se centre na utilización dos recursos e non en buscalos. Son actividades baseadas na aprendizaxe cooperativa e enfocadas á investigación.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

**Blogs de aula:** O profesorado e o alumnado sistematizan as actividades realizadas e os coñecementos adquiridos mediante a publicación de entradas neste medio.

**Aplicacións educativas e didácticas,** tanto de uso comercial como libre que poden descargarse de internet ou para uso en liña. Estas aplicacións reforzan ou axudan na aprendizaxe de aspectos curriculares ao tempo que resultan motivadores e lúdicos para o alumnado. Incluímos tamén neste apartado as unidades didácticas en liña. Son contidos didácticos interactivos e altamente motivadores pensados para reforzar as aprendizaxes básicas.

## **METODOLOXÍA**

Ademáis do indicado nas respectivas programacións de aula, a posta en práctica de estas actuacións e actividades respectará os seguintes principios metodolóxicos. Fomentar a participación activa do alumnado en todo o proceso, respectando os tempos necesarios para o erro, reflexión posterior e reconstrucción do seus esquemas cognitivos. Aproveitarase o aspecto motivador das T.I.C. evitando caer na monotonía en actividades excesivamente rutinarias ou sen valor educativo. Partirase en todo caso de eidos de coñecemento próximos ao alumno como punto de partida para a súa introducción nas TIC. Fomentarse o intercambio de ideas e experiencias entre os docentes implicados coa mediación do coordinador TIC. As actividades plantexadas serán significativas á hora de establecer a metodoloxía polo que debemos ter en conta o papel do profesorado, o papel do alumno e a atención a diversidade. Acercándonos aos principios metodolóxicos da escola 2.0 <http://www.ite.educacion.es/es/escuela-20>



### **3.1 MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NEE**

atención á diversidade é un dos principios xerais que establece a L.O.E.. Pretende que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferencias individuais dos alumnos/as de xeito que poida lograrse unha atención individualizada e personalizada. Os alumnos con necesidades educativas especiais (n.e.e.) necesitan programas e recursos didácticos para crear un entorno de aprendizaxe axeitado. Neste sentido as T.I.C. favorecen a comunicación e unha alta motivación do alumno á vez que permiten adaptar o caudal de coñecementos ás necesidades específicas de cada un. No caso de alumnos con situacións sociais desfavorecidas, o acceso as T.I.C. no centro permite que o alumno/a poida achegarse a elementos tecnolóxicos, que dificilmente podería acadar no seu fogar, logrando desde xeito superar as desigualdades no acceso ás mesmas. Por outra banda supoñen un recursos altamente motivantes.

Para alumnos con N.E.E. deberán terse en conta unha serie de principios á hora de empregar as T.I.C.:

- Os programas deberán ser axeitados ás capacidades do alumno.
- Deberemos asegurarnos que é quen de empregar os elementos tecnolóxicos, ou
- facilitar ferramentas que permitan o seu uso autónomo.
- Na medida do posible é preferible facer pequenas modificacións nas aplicacións que están a usar os compañeiros, que asignarlle unha nova ferramenta totalmente diferente á daqueles.

Os alumnos con sobredotación intelectual poderá aproveitar coas T.I.C. aspectos altamente motivantes como son o “aprendizaxe por descubrimento” e a autoaprendizaxe, aspectos estes tamén importantes para o resto do alumnado, pero que neste casos adquiren un papel fundamental, xa que permite proponer “retos” que alenten ó alumno a mellorar as súas capacidades.



### **3.2. FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS**

Xa indicamos anteriormente que a utilización das TIC contribúe a **ADQUISICIÓN DE VALORES UNIVERSAIS**, que axuden a formar cidadáns libres e críticos coa sociedade na que estamos a vivir, resaltando o valor do esforzo e a solidariedade

Tamén dentro das TIC ao igual que en todas as actuacións do centros tratarase de promover a igualdade entre homes e mulleres: Diseñaranse medidas conducentes a proporcionarlle ,tanto ás alumnas coma aos alumnos, unha educación para a igualdade tendo en conta os seguintes principios:

- Erradicación da linguaxe sexista.
- Eliminación de prexuízos baseados en crenzas e tradicións, que levan a unha distribución errónea de papeis entre os diferentes sexos.

### **4.-ESTRATEGIAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO**

A coordinación entre o profesorado levarase a cabo a través das reunións de ciclo e departamento, a CCP e o claustro e todas aquelas reunións informais que se consideren oportunas para o desenvolvemento das distintas actividades e proxectos. O nivel de competencias de todo o profesorado non é o mesmo, polo que a colaboración entre os distintos membros do claustro á hora de compartir experiencias resulta enriquecedor. O centro conta cun coordinador e un equipo TIC que colaboran na implantación das distintas actividades e proxectos.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

## **5.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES**

A principios de cada curso realizarase unha distribución de espazos de acordo coas necesidades e programacións dos distintos profesores. Todos os meses se realiza un calendario para as aulas comúns (informática, audiovisuais, biblioteca..) , para que cada profesor poida organizar o seu horario e coordinarse co resto de compañeiros. Incluídos no Plan Anual .

Xa expuxemos anteriormente os recursos cos que conta o centro. Ademais dos ordenadores, proxectores, encerados dixitais... o centro conta cun coordinador e un equipo TIC que ten actualizado os programas que precisa o profesorado para a actividade docente, sobre todo como novidade a implantación do software libre nos equipos do centro. Hai departamentos que pasaron de consumir información e programas a elaborar os seus propios materiais e contidos. A xestión da aula de informática lévase a cabo gardando materiais no ordenador do profesor, no servidor Santaia ou cada alumno gárdaos na seu propio USB. O feito de empregar un ordenador non indica que estamos innovando ou utilizando correctamente as TIC. Son as metodoloxías que empregamos as que nos indican se estamos empregando os recursos adecuadamente. Aprender non é consumir información, a flexibilidade e creatividade son claves dentro da aprendizaxe.

## **6. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

A Biblioteca está xestionada por un programa de elaboración propia, basada nunha base de datos de Access, como xa indicamos conta con 4 ordenadores, e distintos recursos dixitais. Consideramos que a utilización das Tic debe ser un recurso, unha ferramenta máis dentro do ensino.

A sociedade da información posibilita unha formación na que o alumno sexa o que constrúe a súa propia formación a través de actividades que lle proporciona o profesorado (aprender facendo).



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

A recollida de información, selección e transmisión de coñecementos son aprendizaxes imprescindibles nos que o alumnado debe dispoñer das estratexias precisas para aprender por si mesmo. Para desenvolver estas destrezas propóñense, dentro da cada materia ou a nivel interdisciplinar, traballos de tipo cooperativo que abarcan entre outras as seguintes actividades:

- Talleres de escritura
- Concursos
- Webquests
- Busca do tesouro
- Monográficos
- Club de lectura

Nas que o alumnado ten ocasión de buscar, seleccionar, procesar e comunicar a información a través de distintos soportes ofertados na web 2.0 : wikis, Blogs, glogster, slideshare, delicious...

## **7. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL**

O presente plan será reelaborado cada curso coas aportacións e modificacións que se consideren pertinentes, segundo o grao de consecución dos obxectivos plantexados. O equipo TIC levará a cabo ao seguimento do plan, o proceso de control do cumprimento do mesmo será contínuo ao longo do curso, de xeito que poidan introducirse as modificacións pertinentes. Analizaremos o impacto da utilización das TIC nas seguintes áreas:

- Capacitación dixital do alumnado.
- Impacto da utilización das TIC na aprendizaxe dos alumnos
- Impacto da utilización das TIC no proceso ensino aprendizaxe.
- Impacto das TIC nos aspectos organizativos e na colaboración con outros centros.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

- Colaboración coas familias.

O impacto da capacitación dixital é dos máis fáciles de avaliar a nivel interno. A utilización das TIC mellora as competencias básicas como a lectura e a escritura, aprendizaxe de linguas estranxeiras... permítenos atender a diversidade en termos de igualdade tanto en alumnos con altas capacidades como en alumnos con dificultades de aprendizaxe, o impacto resulta máis difícil de avaliar pero pódese constatar en termos de motivación, relación profesor-alumno....

O profesorado emprega as TIC como recurso didáctico dentro das actividades do currículo. O impacto da integración das TIC medírase en termos de motivación, diferenciación e creatividade.

Mediremos o impacto das TIC no centro. As TIC teñen que chegar tamén aos aspectos organizativos, avaliaremos o xeito de implantar as TIC no centro ; son grandes os investimentos e hai que sacarles beneficios. Isto require un compromiso organizativo por parte dos equipos directivos que deben impulsar e apoiar a innovación continuamente dentro dos centros e situalo como un dos obxectivos prioritarios de centro. Compartir coñecementos con outras institucións a través de proxectos. **A utilización da páxina web para propostas de actividades, contidos dixitais e utilización da aula virtual.** Esta metodoloxía e a utilización de contidos que xa existen na web motiva aos estudantes a empregar este recurso e realizar tarefas dun xeito máis ameno. É un forma de difundir o uso deste medio entre as familias. Temos que ter en conta que por estar nunha zona rural non todos os alumnos teñen acceso a estes métodos, polo cal é máis importante o achegamento desta metodoloxía ós alumnos/as no propio centro. A avaliación se implantará a través de diferentes métodos, análise dos resultados nos alumnos, análise da práctica docente nos distintos departamentos, análise dos materiais...



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
C.P.I. « FONTE - DÍAZ » DE TOURO  
Rúa Isabel II s/n, 15822 - Touro (A Coruña)  
Tel & Fax: 981-504027 / E-mail: [cpifontediaz@edu.xunta.es](mailto:cpifontediaz@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/>

## 8.- DETECCIÓN DAS NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO

Unha das consecuencias que se desprenden da análise da situación de partida do profesorado participante neste proxecto é que un bo número deles afirman verse capacitados para usar un procesador de texto, xestionar o correo electrónico, navegar por internet, gardar e recuperar información dixital. Non obstante, outras aplicacións máis técnicas, como establecer unha videoconferencia, colgar posts ou actividades na web do centro, procesar imaxes e vídeo dixital, entrar nos servidores Abalar e Santaia, así como elaborar presentacións multimedia, resúltalles máis complicado. Por este motivo a metodoloxía consistiría en simultanear a formación do profesorado co desenvolvemento de actividades TIC nas aulas. Para os que contamos con cursos online e presenciais en <https://www.edu.xunta.es/fprofe> , <http://www.edu.xunta.es/platega> e no CAFI <http://www.edu.xunta.es/centros/cafi/> Atendendo ás indicacións feitas, o equipo T.I.C. transmitirá ao profesorado as oportunidades formativas para o incremento da súa competencia no uso das mesmas. Así mesmo fomentárase entre os docentes hábitos de autoaprendizaxe do emprego das novas tecnoloxías, aportando uns ós outros os coñecementos necesarios para lograr os obxectivos plantexados. Para facilitar o uso de certos elementos tecnolóxicos, e para romper a primeira barreira de reticencia ao seu uso, elaboráranse sinxelos documentos (mini-manuais) que estarán colgados na aula virtual da páxina do centro á disposición do profesorado <http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/aulavirtual/course/view.php?id=30>. <http://www.edu.xunta.es/centros/cpifontediaz/aulavirtual/course/view.php?id=27>. En todo caso tentarase fomentar o intercambio de experiencias e recursos relacionados coas T.I.C. para o correcto desenvolvemento do plan.